



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

CERTIFICACIÓN

D^a ANA VELO RUIZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA).

CERTIFICO: Que O CONCELLO PLENO, en sesión extraordinaria realizada o día 9 de marzo de 2020, adoptou o seguinte acordo:

<<3. CAMBIO DO NOME DA "RÚA FRAGA IRIBARNE" PASANDO A NOMEARSE "RÚA DA FRATERNIDADE"

Pola Secretaría dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 4 de marzo de 2020, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 28.02.2020, que dí:

“Vistos os escritos remitidos pola Presidencia do Senado de datas 18.12.2018 (rex. entrada 5431/21.12.2018), 03.09.2019 (rex. entrada 3247/16.09.2019) e 16.01.2020 (rex. entrada 0212/23.01.2020) polos que se da traslado ó Concello de Cedeira dos acordos adoptados nas datas citadas pola Mesa da Cámara respecto da admisión a trámite da solicitude de remisión por parte do Concello de Cedeira dos expedientes municipais nos que se comunica ó Instituto Nacional de Estatística o cambio de denominación de determinada vía pública (Rúa Fraga Iribarne) para cumprir coa Lei da Memoria Histórica e co respecto ás vítimas do franquismo.

Resultando que en data 28.02.2020 dítase Providencia de Alcaldía pola que se dispón a incoación do expediente administrativo para proceder ao cambio do nome da “RÚA FRAGA IRIBARNE” pasando a nomearse “RÚA DA FRATERNIDADE”, para cumprir coa Lei da Memoria Histórica e co respecto ás vítimas do franquismo.

Visto o informe de Secretaría de data 28.02.2020.

Considerando o previsto no artigo 15 da Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura.

Considerando o previsto no artigo 75 do Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das Entidades Locais, que dispón que os concellos manterán actualizadas a nomenclatura e a rotulación das vías públicas e a numeración dos edificios, informando disto a todas as administracións públicas interesadas.

Polo exposto, propono ao Concello Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Proceder ao cambio do nome da “RÚA FRAGA IRIBARNE” pasando a nomearse “RÚA DA FRATERNIDADE”.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Delegación Provincial do Instituto Nacional de Estatística, á Oficina de Correos e Telégrafos, á Xerencia Territorial do Catastro e ó Rexistro da Propiedade, para os efectos oportunos.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Terceiro.- Notificar o cambio realizado ós habitantes afectados.

Cuarto.- Publicar anuncio do presente acordo no BOP para xeral coñecemento.

Quinto.- Remitir certificación do presente acordo xunto con copia do expediente á Mesa do Senado.

Non obstante, o Pleno acordará o que estime pertinente.”

A Comisión, por cinco votos a favor do PSdG-PSOE (catro) e do BNG (un), e dous votos en contra do PP, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por oito (8) votos a favor, do PSdeG-PSOE (6) e do BNG (2), e catro (4) votos en contra do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.>>

E para que conste, e coa salvidade prevista no artigo 206 do R.O.F., expídese a presente certificación de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, D. Pablo Diego Moreda Gil.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

Visto e prace
O ALCALDE